



O mapa afectivo conectado a través da poesía

O poeta, escritor e dinamizador Tiago Alves [visita A Catapulta](#) e reflexiona sobre as conexións na lusofonía



27 abr 2025 05:30

O famalicense [Tiago Alves](#) aterrou na Coruña no ano 2009 e de inmediato prendeu unha “relación de amor” co país e a súa cultura. Estes afectos canalizaron a través do vínculo lingüístico e materializáronse en diferentes proxectos nos que participou con entusiasmo e decisión. Exemplifican esta conexión o feito de ser o primeiro escritor portugués que forma parte da [AELG](#), a participación no proxecto [Palavra Comum](#) ou a revista [Quiasmo](#), da que é editor xefe e co-director.

[A Catapulta](#), o programa que dirixe e conduce [Samuel L. París](#), recibiu o escritor “galego-portugués” para conversar tamén sobre hábitos lectores ou o seu día a día como creador e dinamizador.

Como sempre, o episodio tamén se pode escoitar en formato [podcast](#).

No mes de maio, A Catapulta volverá cunha nova conversa ao redor da poesía.